

DECRETO NÚMERO 14000040 do 03/01/2014

Excmo. Sr. Don JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO.- Alcalde Presidente do Excmo. Concello.

Unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 181, do 8 de agosto de 2013 o Decreto nº 13007418, do 29/07/2013, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo, polo que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos no procedemento selectivo convocado por este Concello para a cobertura dunha praza de Tradutor/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal; e polo que se concedeu un prazo de dez días hábiles para a presentación de enmendas.

En uso das atribucións conferidas á Alcaldía polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto 13004535 de 09.05.2013 obrante no Libro de Resolucións e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 115, do 21 de maio de 2013 e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, que de seguido se indican:

ADMITIDOS

CENDAN ROJO, MARIA	76575392-C
DOMINGUEZ BLANCO, ALBA	44488716-T
GARCIA ABELLEIRA, NAIR	33552487-H
IRAVEDRA LOPEZ, MARTA	33536629-F
NOVO DIAZ, JOSE BENITO	33858474-J
SOLIS CORTIZAS, MARIA VANESA	32696829-Y
SOMORROSTRO LOPEZ, LUCIA	33539987-F
VARELA GARCÍA, SONIA	33537077-H
VIDUEIRO RODRIGUEZ, ANTONIO	76576146-S
VILLOT PASCUAL, MANUEL	36134362-M

EXCLUIDOS

- Por non acreditar suficientemente ter superados tres anos das licenciaturas de tradución e interpretación ou da licenciatura en filoloxía galega:

GARCÍA GÓMEZ, MARÍA IRENE	33536263-D
---------------------------	------------

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 13drlistadefTradutor.doc

Asunto: Lista definitiva, tribunal e data do exame 1 praza Tradutor/a

- Por non acreditar suficientemente ter superados tres anos das licenciaturas de tradución e interpretación ou da licenciatura en filoloxía galega e presentar a súa solicitude sen asinar:

SOUTO TABOADA, COROMOTO

34876191-A

- Por presentar a fotocopia da titulación esixida sen compulsar:

GOMEZ MEIXOME, XOSE ANTON

33267749-C

Segundo.- Sinalar que a Xunta de Goberno Local, adoptou, entre outros o acordo de DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCEDIMENTO SELECTIVO CONVOCADO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TRADUTOR/A, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, o cal estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- D.^a María Isabel Villamor Cabado, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local de Concello de Lugo.
Suplente: Dona Matilde García Losada, Técnico Medio de Administración Especial (Corpo de Xestión), Xefa da Sección de Cultura e Deportes do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Joaquim Vázquez Rodríguez, Técnico Superior de Normalización Lingüística do Concello de Melide.
Suplente: D.^a Concepción Parada González, Profesora de Lingua e Literatura Galegas do CPI de Atios Valdoviño.
- D.^a María dos Anxos Méndez Sufuentes, Profesora de Lingua e Literatura Galegas de Radio ECCA en Lugo.
Suplente: D. Manuel Pedreira Xil, Profesor de Lingua e Literatura Galegas do IES Lucus Augusti de Lugo.
- D. Francisco Javier Fernández Eiros, Animador Sociocultural do Concello de Lugo.
Suplente: D. Francisco Rivera Iglesias, Adxunto de Servicio da Área Económica, (Inspección) do Concello de Lugo.

Secretario:

- Don José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.
Suplente: D.^a Carmen María Torre Abuín, Técnica de Xestión do Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar o lugar, data e hora de comenzo dos exercicios, do xeito que a continuación se indica:

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 13drlistadefTradutor.doc

Asunto: Lista definitiva, tribunal e data do exame 1 praza Tradutor/a

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: O luns, 17 de febreiro de 2014, ás 10,30 horas no Despacho do Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

- O primeiro dos exercicios realizarase o venres, 21 de febreiro de 2014, ás 10,30 horas da mañá no Salón de Actos do Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1 A (2º Andar).

- Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

- A orde de actuación dos/das aspirantes iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "T". No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra "T" a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "U" e así sucesivamente. (BOP nº 104, do 7 de maio de 2013).

Cuarto.- Que se dea traslado da presente resolución ó Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios municipal, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

Os sucesivos anuncios relativos ó proceso selectivo anteriormente mencionado, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.

Cúmprase.